

---

Edificio Reitoría  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

---

## **Asunto: folga 9 de maio de 2013**

O día 9 de maio de 2013, en horario de 00:00 a 24:00 horas está convocada xornada de folga no ámbito do ensino en Galicia. Dita xornada de folga afecta ao persoal que presta servizos nesta Universidade.

De acordo co previsto no Real Decreto Ley 17/1977 de 4 de marzo e tamén nos artigos 30 e 95.2 m) do Estatuto Básico do Empregado Público, na xornada de folga prevista para o día 9 de maio de 2013 deberá facerse un control de asistencia.

A tal fin, os traballadores e traballadoras que presten servizos no día da folga **deberán asinar a folla de asistencia** que estarán á súa disposición **nas conserxerías de facultades, escolas, centros de investigación e demais centros administrativos, ademais das conserxerías dos edificios que acollen os Rexistros Xeral e Auxiliares da universidade.** Para asinar a folla de asistencia deberán ir provistos de documento nacional de identidade, pasaporte, carnet de conducir, tarxeta universitaria ou documentación que acredite fidedignamente a súa identidade.

O persoal que non asine nas follas de asistencia e do que non foi remitida xustificación da súa ausencia por parte dos seus responsables, entenderase que secundou a folga para os efectos do artigo 30 do EBEP.

Para calquera dúbida ou aclaración poden poñerse en contacto coa secretaría de Xerencia nos teléfonos 813560, 818607 e 813408.